

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 21 de xuño de 2010**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Eudosio Álvarez Álvarez

**Invitados:**

D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dous minutos do día vinte e un de xuño de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1.- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA AXUDA DOS GASTOS DE TRANSPORTE E ORGANIZACIÓN DE ESTANCIA EN VIGO DE 14 NENOS SAHARAUIS. EXPTE. 6545/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo do 26.02.10 co conforme da concelleira delegada de Facenda, o informe do titular da Asesoría Xurídica do 31.05.2010, e o RC do Interventor Xeral de data 8.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Conceder a asociación Solidariedade Galega có Pobo Saharai, CIF G-15924558 unha subvención pola contía de 9.660 euros para axuda dos gastos de transporte e organización da estancia en Vigo de 14 nenos saharauis.

2.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a

concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

3.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.

4.- A beneficiaria, no prazo de tres meses a conta desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

5.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

6.- O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

7.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

8.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

9.- O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

10.- O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

11.- No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerá pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.”

## **2.- CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA “CASTRELOS CIRCUS” PARA O AUDITORIO DE CASTRELOS O DÍA 9 DE AGOSTO, DENTRO DO PROGRAMA DAS FESTAS DE VERÁN 2010. EXPTE. 3638/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14.06.10 e de acordo co informe-proposta do técnico do Servizo de Animación Sociocultural, do 9.06.10, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que de seguida se transcribe, para a contratación, de acordo co previsto nos artigos 20 e 154.d da Lei 30/2007, do espectáculo “CASTRELOS CIRCUS”, dentro do programa de actuacións das Festas de Verán 2010, o día 9 de agosto ás 22:30 horas, no auditorio ao aire libre de Castrelos.

2º.- Autorizar un gasto por un importe de 67.000,00 euros (IVE incluído) con cargo á bolsa de vinculación da partida presupostaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará LA FIESTA ESCÉNICA S.L.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Animación Sociocultural 2080.0000.77.0040277241.

4º.- Aprobar os prezos de 8 euros como venda anticipada e de 10 euros como venda en taquilla para as 1.500 entradas que o Concello porá á venda e das que será o único beneficiario.

## **CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE CASTRELOS CIRCUS O DÍA 9 DE AGOSTO DE 2010 NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS.**

Vigo, o ..... de ..... de .....

Dunha parte D. XESÚS LÓPEZ CARREIRA, CONCELLEIRO DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H, con enderezo

social en Vigo, praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. MARTÍN RICARDO ARÉVALO, administrador único e que actúa en nome da empresa denominada LA FIESTA ESCÉNICA S.L., CIF B-36.963.577, e con enderezo en ROCAMAR nº 17, BAREDO do concello de de BAIONA; no sucesivo A AXENCIA.

Ambas as partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes

### CLÁUSULAS

#### OBXECTO DO CONTRATO

Primeira.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación do espectáculo CASTRELOS CIRCUS o día 9 de agosto de 2010, ás 22:30 horas no recinto denominado AUDITORIO DE CASTRELOS, situado na avenida de Castrelos, cunha duración mínima de 60 minutos. Este espectáculo está integrado polos seguintes artistas: DONG SHUANGSHUANG, WANG JIN, XIAO LANLAN, WANG YARU, SUN QIULI, LI SUZHEN, SHANDONG SHANDONG, SERHIY SAKUN, IHOR KOOZHYN, ANDRIY POSLUSNOY, DMYTRO ZZEMLYANYI, ENCHO KERYAZOV, JEAN RODRIGUE FUNKE, CHRISTOPH GOBET e BRUNO SAINZ MICHELI. E no sucesivo denominarase como OS ARTISTAS.

A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación dos ARTISTAS dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que se terá lugar a que é obxecto deste contrato.

#### VALIDEZ

Segunda.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO por todas as partes comparecentes.

#### PREZO, FORMA DE PAGO E GASTOS

Terceira.- A AXENCIA percibirá unha retribución de CINCUENTA E SEIS MIL SETECENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (56.779,66) máis o 18 % de IVE, o que fai un total de SESENTA E SETE MIL (67.000,00) euros, en concepto da actuación dos ARTISTAS; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.

O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a LA FIESTA ESCÉNICA SL, CIF B-36.963.577, momentos antes do comezo da actuación, cos ARTISTAS no recinto, tras a achega de factura conforme cos requisitos que establece o Real decreto Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

O prezo pactado non será obxecto de revisión nin actualización por ningunha causa ou motivo.

Cuarta.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.

#### PERMISOS

Quinta.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

#### AFORO E ENTRADAS

Sexta.- - O local da actuación dispón dun aforo de 2.500 espectadores sentados. O CONCELLO porá á venda 1.500 entradas ao prezo de 8 euros en venda anticipada e 10 euros en taquilla e será beneficiario da total recadación; tamén realizará 1.000 invitacións das que entregará 25 á AXENCIA.

#### PROMOCIÓN E IMAXE

Sétima.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, ningunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo dos ARTISTAS, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de produtos relacionados cos ARTISTAS no lugar e data do concerto, tras a comunicación por escrito ao CONCELLO.

Oitava.- A AXENCIA autoriza ao Concello, mediante o presente contrato, a gravación en vídeo ou reprodución fotográfica do concerto, cun tempo máximo de tres (3) minutos, co exclusivo fin de informar aos medios de comunicación.

Para efectuar calquera outra retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.

O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertiralle ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

Novena.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.

#### PUBLICIDADE

Décima.- O CONCELLO, dende a sinatura do contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio desta actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.

No caso que a AXENCIA queira situar publicidade sobre o escenario e/ou outros espazos do recinto do concerto, así como pezas publicitarias realizadas en calquera soporte, terán que contar con autorización expresa do CONCELLO. Neste apartado inclúense as mensaxes publicitarias sonoras e/ou audiovisuais.

#### PATROCINIOS

Décimo primeira.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus colaboradores na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estruturas de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe dos ARTISTAS cos colaboradores do CONCELLO.

Décimo segunda.- OS ARTISTAS poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores. Coa fin de evitar conflitos cos patrocinadores do programa xeral de festas de verán, a AXENCIA deberá contar coa autorización expresa do CONCELLO para difundir a imaxe de outros patrocinadores diferentes.

#### SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

Décimo terceira.- O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.

Décimo cuarta.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou aos ARTISTAS sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.

Décimo quinta.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación

botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.

Décimo sexta.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, zona traseira do escenario ("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.

Décimo sétima.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que OS ARTISTAS instalen no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación, que deberá ser conformada polo persoal técnico do Concello de Vigo, previa súa comprobación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.

Décimo oitava.- O CONCELLO dispón do correspondente contrato de seguro e póliza de condicións particulares nº 0960370028287, formalizada coa compañía MAPFRE, que garantirá as consecuencias económicas derivadas das responsabilidades civil que poida corresponderlle por danos e perdas ocasionados a terceiros pola celebración do evento.

A AXENCIA dispón do correspondente contrato de seguro e póliza de condicións particulares nº 901-176558, formalizada coa compañía OCASO SEGUROS, que garantirá as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil que poida corresponderlle por danos e perdas ocasionados a terceiros pola celebración do evento.

#### INSTALACIONES

Décimo novena.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as 9:00 horas do día da actuación ata as seis horas despois do final da actuación dos ARTISTAS.

Vixésima.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá O CONCELLO.

#### SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

Vixésimo primeira.- Se por calquera causa grave ou de forza maior allea á AXENCIA e que impida debidamente xustificada a suspensión do espectáculo, entendéndose como causa grave ou de forza maior, entre outras, perigo inminente, condicións climatolóxicas adversas (choiva, neve,...), A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.

Vixésimo segunda.- No caso de suspensión do espectáculo, e se fora posible, fixarase de común acordo coa AXENCIA, data para unha nova actuación, que deberá levarse a cabo no prazo máximo de 30 días naturais a contar dende a data da suspensión.

A nova actuación deberá levarse a cabo nas mesmas condicións que as establecidas no presente contrato, se ben, o aspecto económico do mesmo será motivo de negociación en función da data de celebración.

#### RESOLUCIÓN

Vixésimo terceira.- O contrato pódese resolver por calquera das partes por causa de incumprimento grave da outra parte das obrigas derivadas do mesmo. Neste suposto, a parte cumpridora estará facultada para dar por resolto o contrato, unha vez feita a notificación por escrito correspondente e pasados quince días desta notificación.

Vixésimo cuarta.- Só en caso de enfermidade, accidente, morte ou forza maior xustificada dos ARTISTAS ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente contrato, e previa presentación dos xustificantes oportunos, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.

#### LEXISLACIÓN APLICÁBEL

Vixésimo quinta.- En cumprimento do establecido no artigo 26.1.d) e de acordo co disposto no 20.2. da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público faise constar que o presente contrato ten a consideración de contrato privado e rexerase, en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, pola citada Lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado. En canto aos seus efectos e extinción, rexerase polo dereito privado.

### SUBMISIÓN

Vixésimo sexta.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

### ANEXO

#### 1. SON E ILUMINACIÓN.

O CONCELLO instalará para a actuación dos ARTISTAS os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación:

- Equipo de luz cunha potencia 100.000 w. disposto sobre truss dianteiro e traseiro con canón de seguimento.
- Seis técnicos cualificados, tres para iluminación e tres para son
- Equipo de son cunha potencia suficiente para cubrir a platea e a grada do auditorio e unha presión acústica de 110 db's en todo o ámbito do recinto. Sistema Line Array de primeira marca.

#### 2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.

##### 2.1. ESCENARIO.

O CONCELLO porá a disposición dos ARTISTAS, un escenario que reunirá as seguintes características:

*Dimensións mínimas.- 20 m. de fronte, 14 m. de fondo e unha altura dende o chan de 1,80 m. O escenario está cuberto.*

*Capacidade de carga.- 500 (CIFRA) kg/m<sup>2</sup>.*

*Accesos.- O escenario estará provisto dunha sólida escaleira que comunique coa zona traseira do escenario ("backstage").*

*Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.*

*Así mesmo, o recinto conta cun sistema de trusses. A capacidade máxima de carga soportada pola cuberta é de aproximadamente 2.000 kg, polo cal, en caso de querer voar os equipos, deberán presentarse certificados de carga dos equipos correspondentes; en caso contrario, O CONCELLO non permitirá a utilización da cuberta para este cometido. A cuberta está situada a 8 m. do chan do escenario.*

*Este escenario deberá estar aforado cun sistema de cámara negra completa.*

##### 2.2. PLATAFORMAS DE SON.

O CONCELLO instalará dúas plataformas para o sistema de son coas seguintes características:

*Dimensións.- 2,5 m. de fronte, 2 m. de fondo e 12 m. de altura dende o chan.*

*Situación.- Pegadas a cada lado do escenario.*

Capacidade de carga.- 2.000 kg/m<sup>2</sup> en cada nivel.

### 2.3. PLATAFORMA PARA CONTROL (MIXER)

Dimensións.- Na platea haberá unha plataforma de 6 m. de fronte, 4 m. de fondo, en dous niveis situados a 0,30 m. e 0,50 m. do chan.

Situación.- A 25 m. do punto central da embocadura do escenario.

Capacidade de carga.- 750 Kg/m<sup>2</sup>.

### 2.4. OUTROS.

O CONCELLO facilitaralle, se resulta necesario, á AXENCIA unha carreta elevadora con condutor durante a xornada do concerto. A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade.

### 3. VALADO.

O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:

- ESCENARIO. Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 metros del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.
- EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN. Disporá de valado perimetral.
- MERCADOTECNIA

O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.

### 4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

As instalacións eléctricas para levar a cabo o espectáculo serán por conta do CONCELLO e reunirán as seguintes características:

380/220 voltios a pé de escenario, protexidos con cadro eléctrico estanco segundo as normas en vigor e dando 0 a voltaxe entre neutro e terra.

Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.

As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.

### 5. CAMERINOS.

O CONCELLO proverá aos ARTISTAS de seis camerinos de uso exclusivo (2 de uso individual, 2 con capacidade para 6 persoas e 2 con capacidade para 10 persoas), todos eles illados do público, próximos ao escenario e con acceso directo a este.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, 5 cadeiras, mesas, espellos, toallas grandes e medianas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou aos ARTISTAS, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñíbeis e vixiados dende a chegada dos camións do equipo dos ARTISTAS ata a fin do desmonte. O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA ou aos ARTISTAS o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.



## 6. "CATERING".

O CONCELLO deberá de subministrar no camerino dos ARTISTAS, dúas horas antes do comezo da actuación, o seguinte "catering":

Sandwiches variados.  
Refrescos variados, cervexas, xeo, cubiteira ou aparato frigorífico.  
Zumes variados.  
Auga mineral en abundancia.  
Bandexas de froitas variadas.  
Termo con auga quente, sobres de infusións variadas.  
Café, leite, crema, azucre, sacarina...

Tamén O CONCELLO proverá de auga mineral aos técnicos dos ARTISTAS de auga mineral sen gas, antes, durante e despois das montaxes.

## 7. VEHÍCULOS.

Os vehículos que transporten o equipo dos ARTISTAS terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.

O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro de 2 trailers, 3 autobuses, 4 furgonetas e 4 vehículos tipo turismo dos ARTISTAS e da AXENCIA que participen na produción do espectáculo.

O vehículo dos ARTISTAS poderá acceder ata a zona traseira do escenario ("backstage") e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos dos ARTISTAS ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.

## 8. MERCADOTECNIA.

O CONCELLO porá a disposición dos ARTISTAS un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.

## 9. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

### 9.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como única interlocutora válida ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas coa actuación dos ARTISTAS.

A AXENCIA coñecerá por adiantado a identidade do/a responsábel da produción que estará presente no lugar da actuación á hora que se acorde, para iniciar a produción. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa do CONCELLO relacionada coa produción.

### 9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de 16 persoas para tarefas de carga e descarga do equipo dos ARTISTAS; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as 09:00 horas do día da actuación e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediatamente despois do final da actuación para a carga.

### 9.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos dos ARTISTAS, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizábel.

### 9.4. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparse do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu

*cargo do persoal e materiais adecuados.*

#### **9.5. OUTRO PERSOAL.**

*Será a cargo de O CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto (por exemplo: despacho de entradas, porteiros, ...):*

#### **10. SEGURIDADE.**

*O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario (“backstage”), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.*

*O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado o desmonte e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos/as representantes da AXENCIA e dos responsábeis do CONCELLO.*

*Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, OS ARTISTAS e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visíbel unha acreditación.*

*Dende 30 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por 23 persoas identificables con acreditacións visíbeis e distribuído da seguinte maneira:*

- 1 director do servizo de orde.*
- 4 membros DETRÁS DO ESCENARIO.*
- 6 membros DIANTE DO ESCENARIO.*
- 3 membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.*
- 4 membros NO “BACKSTAGE” e CAMERINOS.*
- 2 membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA (aparcadoiro, mercadotecnia,...)*
- 1 membro na ZONA DE MINUSVÁLIDOS*
- 2 membros na TORRE MIXER*

*O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC.*

*O CONCELLO comunicarlle á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.*

*O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.*

#### **11. ACTUACIÓN E ENSAIO.**

##### **11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.**

*Dende a hora da chegada dos equipos dos ARTISTAS.*

##### **11.2. ENSAIO TÉCNICO.**

*OS ARTISTAS precisan realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de 2 horas aproximadamente, e que se realizará na tarde do día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.*

##### **11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).**

*A actuación comezará con estrita puntualidade.*

A apertura de portas ó público producirase ás 22:00 horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos dos ARTISTAS.

## 12. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do O CONCELLO cunha antelación de 10 días antes do concerto, o seguinte material publicitario dos ARTISTAS:

CARTEIS.- 1.000 unidades, dimensións 70 x 100 cm.  
DOSSIER ARTÍSTICO.-  
FOTOGRAFÍAS.-

A distribución dos carteis dos ARTISTAS será por conta do CONCELLO.

### EDICIÓN DE MATERIAL COMPLEMENTARIO.

O CONCELLO editará unhas bandas para complementar a cartelería que conterán os datos da realización do concerto (lugar, día, hora; prezo de venda das localidades).

## 13. LOCAL DE ACTUACIÓN.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.

Ambas as partes comprométese a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

## **3.- CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN MUSICAL DE PUBLIC ENEMY PARA O AUDITORIO DE CASTRELOS DO DÍA 5 DE AGOSTO, DENTRO DO PROGRAMA DAS FESTAS DE VERÁN 2010. EXPTE. 3619/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15.06.10 e de acordo co informe-proposta do da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, do 10.06.10, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, de acordo co previsto nos artigos 20 e 154.d da Lei 30/2007, da actuación musical de PUBLIC ENEMY, dentro do programa de concertos das Festas de Verán 2010, o día 5 de agosto ás 22:30 horas, no auditorio ao aire libre de Castrelos.

2º.- Autorizar un gasto por un importe de 147.500,00 euros (IVE incluído) con cargo á bolsa de vinculación da partida presupostaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará SWEET NOCTURNA SLNE.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Animación Sociocultural 2080.0000.77.0040277241.

4º.- Aprobar os prezos de 10 euros como venda anticipada e de 12 euros como venda en taquilla para as 3.500 entradas que o Concello porá á venda e das que será o único beneficiario.

## **CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN MUSICAL DE PUBLIC ENEMY O DÍA 5 DE AGOSTO DE 2010 NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS.**

Vigo, o ..... de ..... de .....

Dunha parte D. XESÚS LÓPEZ CARREIRA, CONCELEIRO DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H, con enderezo social en Vigo, praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D<sup>a</sup>. RAQUEL SEIJO ENRIQUEZ (apoderada, administradora única) e que actúa en nome da empresa denominada SWEET NOCTURNA S.L.N.E., CIF B-36.998.524, e con enderezo na rúa HERNAN CORTES, Nº 30, ENTREPLANTA ESQUERDA da cidade de VIGO, CP 36203; no sucesivo A AXENCIA.

Ambas as partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes

### CLÁUSULAS

#### OBJECTO DO CONTRATO

Primeira.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación da artista PUBLIC ENEMY, no sucesivo O ARTISTA, o día 5 de agosto de 2010, ás 22:30 horas no recinto denominado AUDITORIO DE CASTRELOS, situado na avenida de Castrelos, cunha duración mínima de 60 minutos.

A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do ARTISTA dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que se terá lugar a que é obxecto deste contrato.

#### VALIDEZ

Segunda.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO por todas as partes comparecentes.

#### PREZO, FORMA DE PAGO E GASTOS

Terceira.- A AXENCIA percibirá unha retribución de CENTO VINTE E CINCO MIL (125.000,00) euros máis o 18 % de IVE, o que fai un total de CENTO CORENTA E SETE MIL CINCOCENTOS (147.500,00) euros, en concepto da actuación da ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.

O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a SWEET NOCTURAN, SLNE, CIF B-36.998.524, momentos antes do comezo da actuación, co ARTISTA no recinto, tras a achega de factura conforme cos requisitos que establece o Real decreto Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

O prezo pactado non será obxecto de revisión nin actualización por ningunha causa ou motivo.

Cuarta.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.

#### PERMISOS

Quinta.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

#### AFORO E ENTRADAS

Sexta.- - O local da actuación dispón dun aforo de 4.500 espectadores (sentados ou de pé). O CONCELLO porá á venda 3.500 entradas ao prezo de 10 euros en venda anticipada e 12 euros en taquilla e será beneficiario da total recadación; tamén realizará 1.000 invitacións das que entregará 25 á AXENCIA.

#### PROMOCIÓN E IMAXE

Sétima.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento,

ningunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no lugar e data do concerto, tras a comunicación por escrito ao CONCELLO.

Oitava.- A AXENCIA autoriza ao Concello, mediante o presente contrato, a gravación en vídeo ou reprodución fotográfica do concerto, cun tempo máximo de tres (3) minutos, co exclusivo fin de informar aos medios de comunicación.

Para efectuar calquera outra retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.

O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertiralle ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

Novena.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.

#### PUBLICIDADE

Décima.- O CONCELLO, dende a sinatura do contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio desta actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.

No caso que a AXENCIA queira situar publicidade sobre o escenario e/ou outros espazos do recinto do concerto, así como pezas publicitarias realizadas en calquera soporte, terán que contar con autorización expresa do CONCELLO. Neste apartado inclúense as mensaxes publicitarias sonoras e/ou audiovisuais.

#### PATROCINIOS

Décimo primeira.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus colaboradores na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estruturas de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.

Décimo segunda.- O ARTISTA poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores. Coa fin de evitar conflitos cos patrocinadores do programa xeral de festas de verán, a AXENCIA deberá contar coa autorización expresa do CONCELLO para difundir a imaxe de outros patrocinadores diferentes.

#### SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

Décimo terceira.- O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.

Décimo cuarta.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.

Décimo quinta.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou

que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.

Décimo sexta.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, zona traseira do escenario ("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.

Décimo sétima.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación, que deberá ser conformada polo persoal técnico do Concello de Vigo, previa súa comprobación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.

Décimo oitava.- O CONCELLO dispón do correspondente contrato de seguro e póliza de condicións particulares nº 0960370028287, formalizada coa compañía MAPFRE, que garantizará as consecuencias económicas derivadas das responsabilidades civil que poida corresponderlle por danos e perdas ocasionados a terceiros pola celebración do evento.

A AXENCIA dispón do correspondente contrato de seguro e póliza de condicións particulares nº 275801, formalizada coa compañía FIATC MUTUA DE SEGUROS GENERAL, que garantizará as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil que poida corresponderlle por danos e perdas ocasionados a terceiros pola celebración do evento.

#### INSTALACIÓNS

Décimo novena.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as 9:00 horas do día da actuación ata as seis horas despois do final da actuación do ARTISTA.

Vixésima.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá O CONCELLO.

#### SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

Vixésimo primeira.- Se por calquera causa grave ou de forza maior allea á AXENCIA e que impida debidamente xustificada a suspensión do espectáculo, entendéndose como causa grave ou de forza maior, entre outras, perigo inminente, condicións climatolóxicas adversas (choiva, neve,...), A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.

Vixésimo segunda.- No caso de suspensión do espectáculo, e se fora posible, fixarase de común acordo coa AXENCIA, data para unha nova actuación, que deberá levarse a cabo no prazo máximo de 30 días naturais a contar dende a data da suspensión.

A nova actuación deberá levarse a cabo nas mesmas condicións que as establecidas no presente contrato, se ben, o aspecto económico do mesmo será motivo de negociación en función da data de celebración.

#### RESOLUCIÓN

Vixésimo terceira.- O contrato pódese resolver por calquera das partes por causa de incumprimento grave da outra parte das obrigas derivadas do mesmo. Neste suposto, a parte cumpridora estará facultada para dar por resolto o contrato, unha vez feita a notificación por escrito correspondente e pasados quince días desta notificación.

Vixésimo cuarta.- Só en caso de enfermidade, accidente, morte ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente contrato, e previa presentación dos xustificantes oportunos, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.

#### LEXISLACIÓN APLICÁBEL

Vixésimo quinta.- En cumprimento do establecido no artigo 26.1.d) e de acordo co disposto no 20.2. da Lei

30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público faise constar que o presente contrato ten a consideración de contrato privado e rexerase, en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, pola citada Lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado. En canto aos seus efectos e extinción, rexerase polo dereito privado.

### SUBMISIÓN

Vixésimo sexta.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

### ANEXO

#### 1. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará para a actuación do ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación. A potencia do equipo constará de 60.000 watos de son e de 150.000 watos de iluminación.

#### REFORZO.

Así mesmo, debido ás características do lugar de actuación e por tratarse dun recinto con aforo entorno ás 20.000 persoas na grada, O CONCELLO poderá decidir a inclusión dun reforzo de son de 16.000 watos de potencia, en catro torres “delay” situadas na liña do graderío.

#### 2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.

##### 2.1. ESCENARIO.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA, un escenario que reunirá as seguintes características:

*Dimensións mínimas.- 20 m. de fronte, 14 m. de fondo e unha altura dende o chan de 1,80 m. O escenario está cuberto.*

*Capacidade de carga.- 500 (CIFRA) kg/m<sup>2</sup>.*

*Accesos.- O escenario estará provisto dunha sólida escaleira que comunique coa zona traseira do escenario (“backstage”).*

*Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.*

*Así mesmo, o recinto conta cun sistema de trusses. A capacidade máxima de carga soportada pola cuberta é de aproximadamente 2.000 kg, polo cal, en caso de querer voar os equipos, deberán presentarse certificados de carga dos equipos correspondentes; en caso contrario, O CONCELLO non permitirá a utilización da cuberta para este cometido. A cuberta está situada a 9 m. do chan do escenario.*

*Este escenario deberá estar aforado cun sistema de cámara negra completa.*

##### 2.2. PLATAFORMAS DE SON.

O CONCELLO instalará dúas plataformas para o sistema de son coas seguintes características:

*Dimensións.- 2,5 m. de fronte, 2 m. de fondo e 12 m. de altura dende o chan.*

*Situación.- Pegadas a cada lado do escenario.*

*Capacidade de carga.- 2.000 kg/m<sup>2</sup> en cada nivel.*

### 2.3. PLATAFORMA PARA CONTROL (MIXER)

*Dimensións.- Na platea haberá unha plataforma de 6 m. de fronte, 4 m. de fondo, en dous niveis situados a 0,30 m. e 0,50 m. do chan.*

*Situación.- A 25 m. do punto central da embocadura do escenario.*

*Capacidade de carga.- 750 Kg/m<sup>2</sup>.*

*Para o canón de iluminación: torres de 2 m. X 2 m., a 2 m. do escenario.*

### 2.4. OUTROS.

*O CONCELLO facilitaralle, se resulta necesario, á AXENCIA unha carreta elevadora con condutor durante a xornada do concerto. A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade.*

### 3. VALADO.

*O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:*

- *ESCENARIO. Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 metros del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.*
- *EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN. Disporá de valado perimetral.*
- *MERCADOTECNIA*

*O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.*

### 4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

*As instalacións eléctricas para levar a cabo o espectáculo serán por conta do CONCELLO e reunirán as seguintes características:*

*380/220 voltios a pé de escenario, protexidos con cadro eléctrico estanco segundo as normas en vigor e dando 0 a voltaxe entre neutro e terra.*

*Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.*

*As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.*

### 5. CAMERINOS.

*O CONCELLO proverá ao ARTISTA de seis camerinos de uso exclusivo (2 de uso individual, 2 con capacidade para 6 persoas e 2 con capacidade para 10 persoas), todos eles illados do público, próximos ao escenario e con acceso directo a este.*

*Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, 5 cadeiras, mesas, espellos, toallas grandes e medianas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.*

*Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñíbeis e vixiados dende a chegada dos camións do equipo do ARTISTA ata a fin do desmonte. O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.*

### 6. "CATERING".



O CONCELLO deberá de subministrar no camerino do ARTISTA, dúas horas antes do comezo da actuación, o seguinte “catering”:

Sandwiches variados.  
Refrescos variados, cervexas, ginger ale, red bull.  
Xeo, cubiteira ou aparato frigorífico.  
Zumes variados: laranxa, mazá, froitos vermellos, piña...  
Auga mineral en abundancia.  
Vasos, manteis, servilletas de papel e outro material necesario.  
Bandexas de froitas variadas.  
Termo con auga quente, sobres de infusións variadas (variado de té).  
Café, leite, crema, azucre, sacarina...  
Chips variados, froitos secos...  
Galletas (cookies) e chocolates variados.  
Variado de pans.  
1 bote de mostaza e 1 bote de maionesa.  
Variado de queixos e fiambres.  
Empanadillas.  
1 espremedor, 1 licuadora, ferro e táboa de pasar a roupa.  
1 botelleiro – neveiro ao lado do escenario.

Tamén O CONCELLO proverá de auga mineral aos técnicos do ARTISTA de auga mineral sen gas, antes, durante e despois das montaxes.

## 7. VEHÍCULOS.

Os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.

O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro de 2 trailers, 3 autobuses, 4 furgonetas e 4 vehículos tipo turismo do ARTISTA e da AXENCIA que participen na produción do espectáculo.

O vehículo da ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario (“backstage”) e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos da ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.

## 8. MERCADOTECNIA.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.

## 9. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

### 9.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como única interlocutora válida ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas coa actuación do ARTISTA.

A AXENCIA coñecerá por adiantado a identidade do/a responsábel da produción que estará presente no lugar da actuación á hora que se acorde, para iniciar a produción. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa do CONCELLO relacionada coa produción.

### 9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de 16 persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as 09:00 horas do día da actuación e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediatamente despois do final da actuación para a carga.

### 9.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos da ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizábel.

#### 9.4. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.

#### 9.5. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo de O CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto (por exemplo: despacho de entradas, porteiros, ...):

1 STAGE MANAGER

### 10. SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario (“backstage”), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado o desmonte e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos/as representantes da AXENCIA e dos responsábeis do CONCELLO.

Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, A ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visíbel unha acreditación.

Dende 30 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por 23 persoas identificables con acreditacións visíbeis e distribuído da seguinte maneira:

- 1 director do servizo de orde.
- 4 membros DETRÁS DO ESCENARIO.
- 6 membros DIANTE DO ESCENARIO.
- 3 membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.
- 4 membros NO “BACKSTAGE” e CAMERINOS.
- 2 membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA (aparcadoiro, mercadotecnia,...)
- 1 membro na ZONA DE MINUSVÁLIDOS
- 2 membros na TORRE MIXER

O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC.

O CONCELLO comunicarlle á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.

### 11. ACTUACIÓN E ENSAIO.

#### 11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.

Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.

## 11.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de 2 horas aproximadamente, e que se realizará na tarde do día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

## 11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

A actuación comezará con estrita puntualidade.

A apertura de portas ó público producirase ás 22:00 horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos do ARTISTA e dos TELONEIROS, se é o caso.

## 12. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do O CONCELLO cunha antelación de 10 días antes do concerto, o seguinte material publicitario do ARTISTA:

CARTEIS.- 1.000 unidades, dimensións 70 x 100 cm.

DOSSIER ARTÍSTICO.-

FOTOGRAFÍAS.-

A distribución dos carteis da ARTISTA será por conta do CONCELLO.

## EDICIÓN DE MATERIAL COMPLEMENTARIO.

O CONCELLO editará unhas bandas para complementar a cartelería que conterán os datos da realización do concerto (lugar, día, hora; prezo de venda das localidades).

## 13. LOCAL DE ACTUACIÓN.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.

Ambas as partes comprométese a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

## **4.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA EXECUCIÓN DOS SERVIZOS DO PROGRAMA DE REDUCIÓN DO DANO EN MEDIO ABERTO. EXPTE. 50300/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do secretario da Mesa de Contratación do 2.06.10, fiscalizado e conforme pola xefa do servizo de Fiscalización do 11.06.10, co conforme do Interventor Xeral coa mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente á Atención Social en Emergencias Grupo 5 S.L., o procedemento negociado sen publicidade da “EXECUCIÓN DOS SERVIZOS DO PROGRAMA DE REDUCIÓN DO DANO EN MEDIO ABERTO”(expediente 50300-301) por un prezo total de 64.196,04 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 4.199,74 euros). Todo iso de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 15 de marzo de 2010 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluíra ademais a certificación de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.(A non existencia de débedas de carácter tributario co concello de Vigo se comprobará directamente por esta administración).
- Resguardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

3º.- Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta.

#### **5.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA DE MÚSICA EN BEADE. EXPTE. 4597/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do secretario da Mesa de Contratación do 2.06.10, fiscalizado e conforme pola xefa do servizo de Fiscalización do 11.06.10, co conforme do Interventor Xeral coa mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente á mercantil HIDROSCIVIL, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de “Construcción dunha escola de música en Beade” (ex 4597-320) por un prezo total de 229.530,45 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 31.659,37 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Sobre o persoal mínimo medio esixido de 4 persoas, aportan a maiores 1 persoa procedente de situación legal de desemprego das que 1 persoa é desempregada de larga duración.
- Fixa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 3 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Propón a execución das seguintes melloras valoradas por un importe total de 12.080,94 € euros:
  1. Instalación dun termo-acumulador de auga quente
  2. Instalación de 183 m2 de tarima flotante.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 8 de abril de 2010 e a oferta presentada”.

#### **6.- RENOVACIÓN DAS MARCAS “CASA DAS PALABRAS-LA CASA DE LAS PALABRAS” XESTIONADAS POR UNGRÍA PATENTES Y MARCAS S.A. EXPTE. 3209/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 31.05.2010, co conforme da concelleira delegada de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Comunicar á empresa Ungría Patentes y Marcas, S.A. a resolución de renova-las marcas números 2.343.143 e 2.343.144 “Casa das Palabras–La casa de las Palabras” en clases 16 e 41.”

**7.- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS A ORESA S.L. EXPTE. 2883 E 2884 DE 241.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación do 11.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a ORESA, S.L. (Expte. 2883/241) a fianza de 2.055,10 € constituída para responder das obras de demolición do palco de música en Navia e construción de vestiarios ampliación e mellora de vestiarios no campo de fútbol de Fontáns, xa que as obras foron recibidas por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía.

Devolver a ORESA, S.L. (Expte. 2884/241) a fianza de 1.801,80 € constituída para responder das obras de ampliación e mellora de vestiarios no campo de fútbol de Fontáns, xa que foron recibidas por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía.

**8.- SUBVENCIÓN AO REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO E PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN RELATIVO Á ACHEGA PARA A ORGANIZACIÓN DO XII CONCURSO PENINSULAR DE PIANO 2010. EXPTE. 12208/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de xestión da programación do 30.04.10, co conforme do xefe do departamento de Cultura e do concelleiro delegado de dita área, co informe xurídico do letrado asesor do 28.05.2010 e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 7.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Outorgar unha subvención de 10.000,00 € (dez mil euros) a Real Club Náutico de Vigo, CIF: G36612752, para o financiamento do XII Concurso Peninsular de Piano 2010, organizado por esta entidade, con cargo á partida 3340.489.00.04 “Real Club Náutico, concurso de piano”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

2.- Que se faculte ao concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e Real Club Náutico de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do XII Concurso Peninsular de Piano 2010”.

**PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO XII CONCURSO PENINSULAR DE PIANO 2010**

En Vigo, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dez.

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en representación do Concello de Vigo, CIF P3605700H, e con enderezo na Praza do Rei s/n, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. Franco Cobas González, na súa calidade de representante do REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO, CIF: G36612752, e con enderezo en Avenidas s/n. Vigo, que no sucesivo se denominará REAL CLUB NÁUTICO.

## MANIFESTAN

Que REAL CLUB NÁUTICO, inclúe entre os seus obxectivos como Sociedade a promoción de todas aquelas actividades encamiñadas a fomentar a cultura en xeral e a galega en especial; dentro do seu programa para materializar estes obxectivos iniciou en 1997 o desenvolvemento dun concurso de piano destinado a xoves intérpretes.

Que o concurso de piano promovido polo REAL CLUB NÁUTICO e se estendía ao ámbito galego ampliábase en 2006 a Galicia e Portugal, pero o nivel progresivo que se alcanza en cada edición leva á entidade organizadora a prolongar a súa proxección para chegar, nesta XI edición, aos xoves intérpretes de España ou Portugal.

Que a Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo considera que o interese público e social do Concurso de Piano promovido polo REAL CLUB NÁUTICO e dirixido a xoves intérpretes, complementa a programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe á proxección exterior da cidade e á súa actividade cultural en España e Portugal, o que determina o carácter singular da concesión da subvención.

Así as cousas, o Concello de Vigo no seu orzamento, na partida 3340.489.00.04 "Real Club Náutico, Concurso de Piano", prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 10.000,00 €, a favor de REAL CLUB NÁUTICO, CIF: G36612752.

Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización do XII CONCURSO PENINSULAR DE PIANO 2010.

REAL CLUB NÁUTICO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria da subvención obxecto da Lei de subvencións de Galicia, e se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segunda resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

En base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade REAL CLUB NÁUTICO, o Concello de Vigo e a dita entidade REAL CLUB NÁUTICO conveñen a súa colaboración e a concesión da referida subvención en base as seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.-** OBXECTO.

O presente convenio ten o obxecto de regular as condicións da subvención nominativa outorgada a REAL CLUB NÁUTICO pola xunta de Goberno Local do Concello de Vigo con data \_\_\_\_\_, con destino ao XII CONCURSO PENINSULAR DE PIANO.

### **SEGUNDA.-** PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a un total de 41.700,00 € (corenta e un mil setecentos euros). Os ingresos previstos por REAL CLUB NÁUTICO proveñen da subvención do departamento de Cultura do Concello de Vigo (10.000,00 €, 23,98 % do total), e de outras subvencións ou aportacións públicas, privadas e de recursos propios de REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO (31.700,00 €, 76,02 %).

### **TERCEIRA.-** DATAS E LUGARES.

O XII CONCURSO PENINSULAR DE PIANO realizarase entre os días 9 e 11 de abril de 2010 nos salóns do REAL CLUB NÁUTICO.

### **CUARTA.-** MECANISMO DE ASISTENCIA TÉCNICA. OBRIGAS DE REAL CLUB NÁUTICO.

1. Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación,

- material gráfico, rotulacións, aluguer de espazos e gastos derivados do seu uso, etc.).
2. Responsabilizarse da organización integral do XII CONCURSO PENINSULAR DE PIANO, en particular de elaborar as bases do concurso (que están incluídas no expediente), de difundilas amplamente, atender as inscricións, conformar o xurado, dispoñer dos espazos, solicitar os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, reservas de vía pública, solicitude de permisos de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
  3. Comprometerse á organización de todas as actividades, asumindo todos os gastos derivados desa programación, incluíndo as referencias que se acorden sobre a colaboración da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, derivada da subvención concedida ao XII CONCURSO PENINSULAR DE PIANO. En cumprimento das bases da convocatoria do concurso, organizar os concertos premiados e á gravación de Cds promocionais, asumindo todos os gastos derivados desa programación posterior ao concurso.
  4. Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar co CONCELLO as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
  5. Estar en comunicación cos responsables de mantemento da páxina web do departamento de Cultura facilitándolle toda a información necesaria para que a páxina Vigocultura estea ao día da información xerada por REAL CLUB NÁUTICO en canto ao XII CONCURSO PENINSULAR DE PIANO.
  6. REAL CLUB NÁUTICO comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
  7. A concesión da subvención a REAL CLUB NÁUTICO implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

#### **QUINTA.- MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA, OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO-CONCELLERÍA DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL.**

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do XII CONCURSO PENINSULAR DE PIANO 2010 e colaborar na súa viabilidade.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.**

A unidade xestora da subvención a REAL CLUB NÁUTICO é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á quen informará sobre o desenvolvemento do REAL CLUB NÁUTICO; en particular sobre o calendario da programación prevista, para que, coa antelación necesaria, se poida incluír na información cultural que se produza.

Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

REAL CLUB NÁUTICO deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.**

REAL CLUB NÁUTICO adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do XII CONCURSO PENINSULAR DE PIANO; incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre REAL CLUB NÁUTICO, etc., de acordo co departamento de Cultura da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

REAL CLUB NÁUTICO asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión do XII CONCURSO PENINSULAR DE PIANO. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo e da Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias REAL CLUB NÁUTICO, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Asemade, REAL CLUB NÁUTICO entregará material de difusión unha vez editado, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o departamento de Cultura.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

REAL CLUB NÁUTICO comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

REAL CLUB NÁUTICO tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

REAL CLUB NÁUTICO facilitará ao departamento de Cultura toda a información sobre o programa do XII CONCURSO PENINSULAR DE PIANO 2010 nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

#### LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

#### **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.**

O Concello de Vigo xestionará o pagamento a REAL CLUB NÁUTICO polo importe da subvención outorgada para a organización e realización do XII CONCURSO PENINSULAR DE PIANO. Esta entidade presentará a seguinte documentación antes do 30 de novembro de 2010:

- Solicitud polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.
- Memoria-avaliación do XII CONCURSO PENINSULAR DE PIANO, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes).
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión con presenza dos logotipos do Concello de Vigo.



5. Reportaxe fotográfica.
- b) Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos pola totalidade do funcionamento da actividade subvencionada, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes. Tamén se achegarán as facturas orixinais correspondentes ao importe subvencionado.
  - c) Detalles de outros fondos públicos ou privados obtidos por REAL CLUB NÁUTICO para financiar a totalidade do XII CONCURSO PENINSULAR DE PIANO: importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo xustificación de exención de IVE, os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente o obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Con cada solicitude de pagamento o REAL CLUB NÁUTICO acreditará ter entregado ao departamento de Cultura do Concello de Vigo os 20 (vinte) exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente, esta circunstancia.

A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, despois dos informes técnicos necesarios.

#### GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán aos directamente aplicables ao XII CONCURSO PENINSULAR DE PIANO, quedando excluídos os gastos xerais de funcionamento da entidade organizadora, os de investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.

#### IMPORTE TOTAL DE SUBVENCIONS OU AXUDAS.-

A subvención do Concello de Vigo a REAL CLUB NÁUTICO, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

REAL CLUB NÁUTICO comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

O Importe das subvencións ou axudas percibidas por REAL CLUB NÁUTICO para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

#### **NOVENA.- INCUMPRIMENTOS.**

O incumprimento de obrigas estipuladas neste convenio por parte de REAL CLUB NÁUTICO axustarase ao establecido na normativa de aplicación sinalada no acordo de concesión adoptado pola Xunta de Goberno Local, que podería supoñer a cancelación de pagamentos pendentes ou o reintegro dos abonos que xa foran realizados polo CONCELLO, ou mesmo cancelación do convenio.

#### **DÉCIMA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA.**

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2010.

Este convenio non é prorrogable.

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar o convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.**

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.

#### **9.- FIXACIÓN DO PREZO DE VENDA DE MERCHANDAISING PARA O FESTIVAL DE JAZZ IMAXINA SONS. EXPTE. 12297/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de xestión da programación do 10.06.10, co conforme do xefe do departamento de Cultura e do concelleiro delegado de dita área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que se autoricen os prezos de venda ao público do merchandaising do Festival de Jazz Imaxina Sons, de acordo co seguinte detalle:

- Camisetas: 15 €
- Sudadeiras home: 25 €
- Sudadeiras muller: 20 €
- Bolsas: 6 €

O material de merchandaising estará á venda nun posto á entrada de cada concerto do festival.

#### **10.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO CLUB CICLISTA RÍA DE VIGO PARA ORGANIZAR O OPEN IBÉRICO DE CICLISMO O VINDEIRO 27 DE XUÑO DE 2010. EXPTE. 9566/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD do 10.06.10, co conforme do concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Ría de Vigo, a organizar o vindeiro domingo 27 de xuño de 2010, o **OPEN IBÉRICO DE CICLISMO** ” dita proba comezará ás 9.00 horas e rematará ás 14.00 horas e se levará a cabo na rúa Venezuela entre o cruce de Gran Vía e Camelias.”

#### **11.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO CLUB CICLISTA TEIS PARA A**

**ORGANIZACIÓN DO GRAN PREMIO CICLISTA TEIS- XVI MEMORIAL PABLO MOREIRAS O DÍA 4 DE XULLO DE 2010. EXPTE. 9510/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 31.05.10, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Teis a organizar o vindeiro domingo 4 de xullo de 2010, XIX GRAN PREMIO CICLISTA TEIS- XVI MEMORIAL PABLO MOREIRAS", dita proba comezará ás 09.00 horas cunha duración de 4 horas e percorrera polas rúas Sanjurjo Badía, Enrique Lorenzo, e Purificación Saavedra.

**12.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS. EXPTE. 11548/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 16.06.2010, co informe do titular da Asesoría Xurídica do 8.06.2010 e da xefa do Servizo de Fiscalización do 10.06.2010 co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo gasto de 10.546.856,16 euros para a contratación do Servizo de Limpeza dos Colexios Públicos e Escolas Municipais, aplicándose á partida 3210.2270000 dos presupostos dos anos 2010 ao 2014.

3º Aproba-lo expediente de contratación do Servizo de Limpeza dos Colexios Públicos e Escolas Municipais que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 26-03-2010 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto con múltiples criterios de data 08-06-2010.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, Diario Oficial de Galicia e no Suplemento ao Diario Oficial da Unión Europea.

**13.- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA) PARA COADXUVAR AO FINANCIAMENTO DAS TAREFAS DOS PROGRAMAS PROPIOS DA FEDERACIÓN NO ANO 2010. EXPTE. 11567/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico do servizo de Educación, do 12.04.10, conformado polo xefe de dito servizo, co informe do letrado asesor do 26.05.10 e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 9.06.10 co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. Autorizar o gasto a que da lugar o "Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca: FOANPA, que supón un custe de 476.039,31-€ (CATROCENTOS SETENTA E SEIS MIL TRINTA E NOVE CON TRINTA E UN EUROS), a favor da Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca: FOANPA (CIF: G-36.743.946), con cargo á partida 422 0 489 00 01 e bolsa de vinculación xurídica do presuposto de 2010".

2º.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca: FOANPA, que de deseguido se di:

### **CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAI E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA)**

Na Casa do Concello de Vigo, a dous de xullo de dous mil dez

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, alcalde presidente do Concello de Vigo, en representación deste, de acordo co disposto no art. 124.4.a, da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local

Doutra, dona Mónica Touza Troncoso, como presidenta da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPA), CIF: G-36743946, e enderezo social en Vigo, Camiño do Chouzo nº 2, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 11567/332

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

#### **MANIFESTAN**

**I.-** Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) define estatutariamente como fins e obxectivos fundamentais que lle corresponden, a loita por un ensino público gratuíto e da máxima calidade. Propón como liñas de traballo a formación integral das ANPAS federadas, a presenza e participación en todos os órganos que teñan relación co ensino público e coa oferta de servizos que supoñan unha participación activa dos pais e nais e como movemento asociativo de forte presenza social. A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca respecta a autonomía de cada ANPA no ámbito das súas competencias.

Para posibilitar a participación real das ANPA é necesario dotalas de instrumentos que lles permitan intervir activamente na vida escolar, como usuarios e usuarias directos/as da educación. Polo que se regularán neste convenio a subvención dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e, por outra banda, a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extra-escolares e prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación.

**II.-** Que o Concello de Vigo pretende consolidar e ampliar mediante este convenio o proxecto de participación activa de todos os axentes involucrados na educación, na procura dunha mellor calidade da ensinanza comezado por este Concello en anos anteriores.

A Lei Reguladora das Bases de Réxime Local contempla a necesaria participación e colaboración das institucións locais na mellor consecución dos obxectivos educativos. A Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006, do 3 de maio, contempla no seu Título Preliminar, Capítulo I, Artigo 1 que un dos principios que inspira o sistema educativo actual é a necesidade dun esforzo compartido, cooperación e colaboración das familias e as corporacións locais; e incide na Disposición final primeira na necesaria participación dos pais e nais no proceso ensinanza-aprendizaxe e na vida do centro educativo dos seus fillos e fillas. Polo tanto, a LOE recolle esta necesidade e recomendación, propiciando a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia, dentro dos principios democráticos de convivencia e o fomento da participación de nais e pais na vida do centro educativo.

Cómpre a máxima colaboración entre o Concello de Vigo e as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPAS) para acadar o desenvolvemento dos programas definidos e aqueles que poidan xurdir no ámbito da formación, información e desenvolvemento destas organizacións. A colaboración ten como obxectivo primeiro achegar a xestión pública aos intereses dos cidadáns e das cidadás.

O Concello de Vigo recoñece á Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPA) como representante, neste intre, das ANPAS dos centros de ensino público de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, ESPO e Formación Profesional Específica de Vigo, e como canalizador das propostas das ANPAS nas competencias que lle correspondan ao concello neste ámbito.

**III.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu orzamento para o ano 2010, aprobado por acordo plenario do 9 de abril de 2010, na partida 4220 489 00 01, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 476.039,31-€, a favor da Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) .

**IV.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da

FOANPA e contribuír ó financiamento das actividades extra escolares, accións formativas de nais e pais por parte das ANPA e á prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2010.

**V.-** Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 11567/332

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese educativo e social que para a comunidade educativa da cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), o Concello de Vigo e a FOANPA conveñen a súa colaboración na concesión da referida subvención en base aos seguintes

### **PACTOS**

**Primeiro.-** A Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) comprométese a colaborar co Concello de Vigo e cos órganos que éste ten creados para o desenvolvemento da súa política educativa.

Sen prexuízo desta participación, a Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) e a Concellería de Educación manterán reunións periódicas, a fin de posibilitar un coñecemento máis global da política que está a levar o Concello en materia educativa e das inquietudes e propostas destes colectivos.

O órgano de consulta e participación dos distintos membros da comunidade escolar no Concello de Vigo é o CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV), do que a Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) forma parte coa representación que lle corresponde, en función do número de ANPAS dos centros de ensino público de Vigo que representa.

A Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) como beneficiaria da subvención comprométese a cumprir as seguintes obrigas:

- 1 Afrontar as tarefas de funcionamento, coordinación e xestión dos programas propios da Federación.
- 2 Desenvolver actividades formativas para nais e pais, na liña das actividades clásicas das Escolas de Pais e Nais.
- 3 Organizar e regular a realización de actividades extra escolares das ANPA de ensino infantil e primario federadas na FOANPA.
- 4 Acreditar e xustificar as actividades realizadas mediante a certificación e documentación correspondente ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo, que servirán de base a este para tramitar os pagos.
- 5 Entregar á Concellería de Educación do Concello de Vigo, no primeiro trimestre do curso escolar, a programación educativa para ese curso.
- 6 Promover e xestionar os comedores escolares e presentar a xustificación dos gastos habidos ante o Concello de Vigo.
- 7 En xeral cumprir, como beneficiaria da subvención, coas obrigas consignadas para éstas no artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), unha subvención por importe de 476.039,31-€ (CATROCENTOS SETENTA E SEIS MIL TRINTA E NOVE CON TRINTA E UN EUROS) pagadoiros en tres prazos, para atender e axustarse ao ritmo de execución

das actividades subvencionada:

**PRIMEIRO PAGO:** anticipado por importe de **150.000,00 €** coa sinatura do convenio.

**SEGUNDO PAGO:** por importe de **163.019,65 €** antes do 31 de agosto, e

**TERCEIRO PAGO:** por importe de **163.019,66 €**, á presentación da conta xustificativa final e segundo o recollido no Pacto 5, a favor da **Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca**, para facer fronte ás responsabilidades de xestión na prestación do servizo de comedores, actividades extra escolares e formación de ANPAS e dos gastos de xestión propios da Federación, segundo se explica no anexo II.

2. O Concello de Vigo realizará as actuacións necesarias para a posta á disposición da Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) dun espazo dunha superficie aproximada de 90 metros cadrados, sito na planta baixa do Instituto Municipal de Educación (IME), rúa camiño do Chouzo núm. 2, que lle permita un adecuado desenvolvemento das súas funcións e a realización das tarefas propias da Federación.
3. O Concello de Vigo informará anualmente á Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) das contías e conceptos asignados ao programa de AUTOXESTIÓN para o mantemento dos centros de ensino público de Vigo.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A FOANPA deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** A FOANPA xestionará a concesión das subvencións destinadas á realización de actividades extra-escolares e prestación do servizo de comedores en cada centro de ensino público de Vigo, para promover e facilitar a participación de pais e nais en cada escola, mediante o apoio ás iniciativas educativas da ANPA de cada centro, e para mellorar a calidade do ensino dos centros públicos de Vigo.

De acordo có artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia, autorízase á FOANPA e ás ANPAS dos centros de ensino a concertar con terceiros a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención, tanto do servizo de comedor, mediante cátering ou cociña, como da docencia e monitoraxe das actividades extra-escolares. Cando estas prestacións concertadas con terceiros excedan do 20% do importe da subvención, o contrato deberá de formalizarse por escrito e deberá ser autorizado polo Concello de Vigo, a proposta da comisión de seguimento do convenio, unha vez emitidos e vistos os informes técnicos municipais.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

**Quinto.-** O primeiro pago anticipado que se prevé neste convenio determina a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, sendo necesaria para a tramitación do segundo e terceiro e último abono á conta, a presentación da conta xustificativa do primeiro e segundo pago, respectivamente, nos termos que de seguido se dirán para a conta xustificativa final.

A beneficiaria, para a tramitación do terceiro pago e no prazo máximo de tres meses a contar dende o 31 de decembro de 2010, data de remate para execución da actividade subvencionada, deberá presentar a **conta xustificativa final** na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago da totalidade dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa final deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos coas remisións pertinentes aos xustificantes de pago e demais documentación orixinal xa achegada con ocasión da xustificación dos pagos anticipados.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Sexto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sétimo.-** No desenvolvemento das actividades extra-escolares e prestación do servizo de comedores subvencionados utilizarase o galego como medio de expresión e comunicación. Prestarase especial atención á publicidade das actividades subvencionadas, que deberá facerse integramente en galego, consonte co previsto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, sobre lingua galega e normalización lingüística e no Regulamento sobre Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Así mesmo, a FOANPA, comprométense a que na difusión da actividade e na edición de materiais conste a colaboración do Concello de Vigo.

**Oitavo.-** Antes de proceder a calquera dos pagos que se prevén para o abono desta subvención, a FOANPA deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2010.

Cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministros ou servizos a beneficiaria deberá solicitar tres ofertas, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

**Décimo.-** O convenio non atribúe á FOANPA a condición de entidade colaboradora na xestión de futuras subvencións para prestación do servizo de comedores e actividades extra-escolares das ANPAS integradas na federación, senón que esta –a Federación— é, no convenio, a beneficiaria da subvención que se distribuirá entre as distintas ANPAS que a integran. Polo tanto FOANPA distribuirá a subvención entre as distintas ANPAS que a integran e pertencen a centros públicos situados no termo municipal de Vigo. As actividades das ANPAS ás que pode aplicarse esta subvención serán a prestación do servizo de comedores e as actividades extra-escolares dirixidas ao alumnado dos colexios públicos de Vigo, que presenten a xustificación da axuda acompañada do formulario do anexo I.

**Décimo primeiro.-** Coa sinatura do convenio constituirase unha comisión de seguimento que realizará o control e seguimento da súa execución e xestión económica, segundo as pautas contempladas no anexo II e realizará a avaliación. A comisión estará formada por dous/dúas representantes nomeadas pola FOANPA, o Xefe do servizo de educación, un/ha Técnico/a do Servizo de Educación do Concello de Vigo e presidida pola Concelleira de Educación.

En calquera caso, as ANPAS beneficiarias das subvencións comprométense a remitir cuberto á FOANPA, para que o estude a devandita comisión, e sempre antes do 30 de setembro de 2010, o formulario contido no anexo I do

convenio, a conta xustificativa acompañada dos documentos xustificativos do gasto, que naquel se indica, así como os restantes datos que pida a comisión en orde a un mellor seguimento do convenio.

O incumprimento destes requisitos e dos seus prazos poderán ser causa da perda da axuda, previo informe da comisión e acordo da Xunta de Goberno Local.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Educación. O Servizo de Educación emitirá informe técnico ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. Por elo, xunta a cada unha das contas xustificativas que presente a FOANPA, o servizo municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos xustificantes achegados e, polo tanto a procedencia do seu pago.

**Décimo terceiro.-** A FOANPA deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Educación e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a FOANPA no que se refire á subvención recollida neste convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

**Décimo sexto.-** A FOANPA está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Educación.

A FOANPA poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo.

**Décimo sétimo.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado e de conformidade co artigo 127.1 g) da LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do presente convenio e con carácter previo a esta a aprobación do gasto (art. 34 LXS).

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeráse polo estipulado neste, aplicándose os principios do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a 2 de xullo de



2010.

**14.- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 45.670,39 € A FAVOR DE UTE IMES-ESYCSA COMO CONSECUENCIA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO RELATIVO AO MANTEMENTO DE TÚNELES DURANTE O MES DE MAIO. EXPTE.13445/444.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do xefe dos Servizos Electromecánicos do 3.06.2010, co conforme da concelleira da área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar unha indemnización substitutiva por importe total de **45.670,39 Euros**, correspondente á facturación do mes de maio do ano 2010, con cargo á partida orzamentaria “*Mantemento túneles e pasos inferiores*” 1650.227.99.02 e recoñecer a obriga a favor da UTE Imes-Esycsa polo citado importe, por prestación do devandito servizo.

**15.- PROXECTO DE OBRA DE MELLORA DO PARQUE DA RIOUXA AO ABEIRO DO PROXECTO DE REXENERACIÓN URBANA DE TEIS. EXPTE. 7100/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

**INFORME:**

*Para o desenvolvemento das accións do proxecto “Rexeneración Urbana do Barrio de Teis”, e mais en concreto, para o desenvolvemento da acción de “espazos naturais no barrio de Teis” co obxectivo de recuperar, dotar e potenciar os espazos naturais de lecer no barrio, polo que compre a realización previa da redacción do proxecto da obra.*

*A proposta deste proxecto es a implantación dun circuío biosaudable para persoas maiores, instalación de novos farois, acondicionamento ambiental das zonas mais transitadas, instalación de cartaces informativos para dar a coñecer a zoa, instalación de pavimento de caucho así como acondicionamento de seguridade no parque infantil.*

*O orzamento inicial do proxecto para a súa execución está valorado en 57.451,23 € aínda que a partir da aprobación deste proxecto de obra, solicitarase a varias empresas orzamentos para a execución desta obra*

**PROPOSTA:**

*Aprobación do proxecto de obra de mellora do Parque da Riouxa, para a súa execución ao abeiro do Proxecto Rexeneración Urbana de Teis.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16.- PRÓRROGA DO CONTRATO DE ALUGUER DO INMOBLE SITO NA ESTRADA DO VAO Nº 151 PARA A SEDE DA E.O. “MAR DE VIGO V”. EXPTE. 6980/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 30.04.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica e Emprego, a xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Para o desenvolvemento de actividades de formación para o emprego no ámbito das profesións relacionadas coa construción naval (carpintería de ribeira e novas técnicas de construción naval) así como daquelas relacionadas coa promoción de actividades náuticas turístico-deportivas, o concello de Vigo alugou o inmovible sito na Estrada do Vao nº 151, propiedade da Comunidade de Herdeiros de Adolfo Abraín Domingo.

O contrato de aluguer (expte. 601/077) foi asinado o 13/11/00, con vixencia no período 15/11/00-15/05/02 e , segundo a súa Cláusula Segunda, será “prorrogable por un máximo de cinco anos, sempre que as partes o acorden”. Complementariamente, a cláusula Terceira di” De executarse as prórrogas, o importe da renda actualizaríase anualmente co Índice de Prezos ó Consumo (IPC) que regulamentariamente se estableza” (achégase copia do contrato de arrendamento e da certificación do acordo da Comisión de Goberno municipal).

Deste xeito, no expediente 1237-077 recóllense as actuacións correspondentes á prórroga efectuada no período comprendido entre 16/05/02-15/05/03, no 1658-077 as relativas á prórroga do período 16/05/03-15/05/04, no 2288-077 as do período 16/05/05-15/05/06, no 3741-077 as do período 16/05/06-30/06/07, no 4554-077 as do período 01/07/07-31/12/07, no 4965-077 as do período 01/01/08-31/03/08, e no 5108-77 as do período 01/04/08-30-09-08, no 5341-77 período 01/10/08-30/06/09, no 5962-77 período 01/07/09-31/12/09 e no 6710-77 período 01/01/10-30/06/10. (achéganse no expediente copias das certificacións dos correspondentes acordos de Comisión de Goberno e Xunta de Goberno Local).

Unha vez manifestada pola propiedade a súa vontade de prorrogar seis meses máis a relación co Concello de Vigo no referido ao aluguer do inmovible sito na Estrada do Vao nº 151 nas condicións indicadas no contrato de arrendamento (achégase copia do escrito 12/09/08 remitido polo representante da propiedade nese sentido), e toda vez que esta infraestrutura permitirá continuar co desenvolvemento de accións de fomento do emprego e da actividade económica no ámbito das profesións relacionadas co mundo do mar (nomeadamente do novo proxecto acollido ao programa de escolas obradoiro, denominado “Escola obradoiro Mar de Vigo V”), dende esta Concellaría de Promoción Económica e Emprego enténdese que é necesario e posible prorrogar o citado contrato de arrendamento por un novo período seis meses, período no que se deberá de negociar a posibilidade de adquirir en propiedade o citado inmovible.

Deste xeito, a prórroga do contrato tería vixencia de SEIS MESES dende o 01/07/10 ata o 31/12/10 e o seu custo mensual, para este período, será de 4.130,00 €, IVE incluído, tendo un custe para o que resta de ano de 24.780,00 €, que serán aplicables á partida 2410 202 0000 “Aluguer de inmovibles”, do presuposto do ano 2010.

En consecuencia, á vista do exposto e da demais documentación obrante no expediente de referencia, proponse á Xunta de Goberno Local aprobar o seguinte:

Aprobar a prórroga do contrato de aluguer do inmovible sito na Estrada do Vao nº 151 desta cidade, do que é propietaria a "Comunidad de Herederos de Adolfo Abraín Domingo", con CIF E36746527, representada por D Adolfo S. Abraín de Castro, con NIF 00.704.989-Q.

Aprobar ó pago do aluguer polo montante de 24.780,00 €, (vinte catro mil setecentos oitenta euros) sendo a duración da prórroga do contrato por seis meses (6 meses), dende o día 01/07/2010 ata o día 31/12/2010. Este pago poderá imputarse contra a partida 2410 2020000 “Aluguer de inmovibles” do vixente presuposto, estando esta partida dotada con saldo suficiente para facer efectivo o pago.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE DURANTE O MES DE MAIO DE 2010. EXPTE. 7060/306.**

Mediante providencia de data 7.06.10, en cumprimento do disposto na base 31ª das do orzamento vixente, o concelleiro delegado de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo dá conta á Xunta de Goberno local da relación de contratos menores realizados pola servizo de Medio Ambiente en maio do ano 2010, que son os seguintes:

EXPTE.: 708/ 306 - CONTRATOS MENORES - Xuño 2010							
Exppte	Partida	Tipo	Asunto	Adjudicatario	Data Decreto	Data RC	Importe
7015/ 306	1720.227.99.00	CMSER	Edición cartográfica para a caracterización e vixilancia ambiental do río Lagares mediante ferramenta SIG	Alberto Alcántara Meijide	26/04/2010	13/05/2010	17.900,01€
7025/ 306	1720.227.99.00	CMSER	Localización, asesoramento e actuacións de oficio con niños de gárvotas en zonas de recente expansión na cidade	ARCEA Xestión de Recursos Naturais, SL	04/05/2010	18/05/2010	14.104,54€
7028/ 306	1720.226.02.00	CMSER	Proxección e organización de unidades didácticas sobre Ocean World 3D	Yelmo Films, SL	06/05/2010	19/05/2010	5.512,50€
7038/ 306	1720.227.99.05	CMSER	Coordinación, servizos de vixilancia e a contratación de monitores e guías programa Vigodiversidade	Impac Fitness, SL	13/05/2010	18/05/2010	18.297,00€
7039/ 306	1720.227.99.05	CMSER	Transporte marítimo de 200 nenos ás Illas Cíes con motivo do programa Vigodiversidade	Naviera Mar de Ons, SL	13/05/2010	18/05/2010	1.800,00€
7043/ 306	1720.227.99.05	CMSER	Identificación dos nenos participantes no programa Vigodiversidade a celebrar entre o 14 e o 17 de maio	PROEM Servizos de Publicidad, SL	13/05/2010	18/05/2010	2.233,02€

#### **18.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO PARA AS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE VESTIARIOS PARA O PERSOAL MUNICIPAL NOS VIVEIROS DO CASTRO. EXPTE. 5233/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 9.06.10, conformado pola concelleira delegada de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde no traballo para as obras de “*Construcción de vestuarios para persoal municipal nos viveiros do Castro*”.

#### **19.- SOLICITUDE DA ONCE PARA O TRASLADO E INSTALACIÓN DE QUIOSCOS NA RÚA SANJURJO BADÍA E URZÁIZ. PROPOSTA DESESTIMATORIA. EXPTE. 18727/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 12.06.10, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Denegar á autorización administrativa solicitada pola ONCE para o traslado do quiosco existente na Rúa Sanjurjo Badía a altura do nº 132 ó núm. 190, así como para a ocupación do dominio público municipal mediante a instalación dun novo quiosco na rúa Urzáiz a altura dos núms. 162-164.

SEGUNDO.- Comunicar á ONCE que, extinguido o convenio do 31.10.1989 que autorizaba a ocupación do dominio público coa instalación dos quioscos referenciados no seu apartado primeiro, debера proceder, no prazo dun mes contado a partir da recepción da presente, a súa retirada e a reposición do dominio público municipal o seu estado orixinal.”

#### **20.- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE ALEGACIÓNS FORMULADAS POLA ASOCIACIÓN HOSTELERA DE VIGO S.L. A EXPEDIENTE DE DESAFIUZAMENTO ADMINISTRATIVO DA EXPLOTACIÓN CAFETERÍA “MIRADOIRO O CASTRO”.**

**EXPTE. 18902/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe-proposta do técnico de Admón. Xeral da unidade de Patrimonio, do 3.05.10, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Desestima-las alegacións formuladas pola entidade ASOCIACIÓN HOSTELERA DE VIGO SL ó presente expediente de exercicio da acción administrativa de desafiuzamento, e a súa solicitude de suspensión do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 10 de maio do 2010, o non resultar desvirtuados, polos motivos expostos nos antecedentes, os fundamentos xurídicos que o motivan.

2º.- Exercita-la acción administrativa de desafiuzamento para a recuperación posesoria do edificio municipal denominado Miradoiro do Castro, situado no Parque municipal do Castro, mediante o desaloxo e lanzamento do actual ocupante, ASOCIACIÓN HOSTELERA DE VIGO SL .

3º.- Requirir a ASOCIACIÓN HOSTELERA DE VIGO SL para que no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte da notificación do presente acordo, proceda ó seu desaloxo poñéndoa a disposición deste Concello.

4º.- Transcorrido o prazo outorgado para o desaloxo, o Ilmo. Sr. Alcalde, en caso de incumprimento, apercibirá ó interesado do lanzamento na forma prevista no art. 130 do RBEL.

5º.- Facultar ó Ilmo. Sr. Alcalde para a execución do desafiuzamento con indicación da data de lanzamento e disposición dos medios de execución forzosa que procedan.”

**21.- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONSORCIO CASCO VELLO PARA UN PROGRAMA DE REHABILITACIÓN DE FACHADAS E CUBERTAS NO ÁMBITO DO CASCO VELLO PARA O ANO 2010. EXPTE. 5584/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28.05.10, o informe de fiscalización do 15.06.10, e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 3.05.10, conformado polo delegado de Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do “Convenio de colaboración entre o concello de Vigo e o consorcio casco vello para un programa de rehabilitación de fachadas e cubertas no ámbito do casco vello para o ano 2010, presentado no servizo de Patrimonio Histórico polo Xerente do Consorcio Casco Vello na data do 30/04/2010 que de seguido se transcribe.

2º.- Aprobar o importe da achega municipal para o desenvolvemento das actuacións obxecto do convenio de 135.000 euros, con cargo á partida 33607670000, dos vixentes orzamentos municipais.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO PARA UN PROGRAMA DE REHABILITACIÓN DE FACHADAS E CUBERTAS NO ÁMBITO DO CASCO VELLO.*

*En Vigo a .....de .....de 2010.*

**RE UN I D O S**

*Dunha parte D./Dna.,.....*

*Doutra Dna. Lucía Molares Pérez, Presidenta do Consorcio do Casco Vello de Vigo.*

*D/Dna..... intervén como representante legal do Concello de Vigo.*

*Dna. Lucia Molares Pérez, intervén igualmente como representante legal do Consorcio do Casco Vello de Vigo, en virtude do disposto no artigo 12 dos seus estatutos e no 21 da Lei 7/1985.*

## **E X P O Ñ E N**

*Primeiro.- Segundo a lexislación vixente en materia de réxime local e dentro dos seus respectivos ámbitos territoriais, os concellos teñen atribuídas competencias para levar a cabo a promoción de toda clase de actividades e a prestación de tódolos servizos que contribúan a satisfacer as necesidades da colectividade veciñal. En particular, ostentan competencias –nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas- en materia de promoción e xestión de vivendas, e patrimonio histórico artístico (Arts. 25.2 apdos.d) e e) LRBRL e 80.2 apdos. d) e e) LALGA).*

*O Concello de Vigo é a institución que asume no municipio as competencias que a lexislación de Réxime Local establece en materia de vivenda.*

*Segundo.- O Consorcio do Casco Vello de Vigo, segundo se indica no seus estatutos, é unha Entidade Local de Dereito Público de carácter asociativo, dotada de personalidade xurídica independente da dos seus membros, patrimonio propio, administración autónoma e tan ampla capacidade xurídica de dereito público e de dereito privado como requira a realización dos seus fins que ten por obxecto articula-la cooperación económica, técnica e administrativa entre as Administracións consorciadas a propósito de exercer de forma conxunta e coordinada os fins que lle son propios en orde a levar a cabo, de acordo coas previsións do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello de Vigo, unha serie de actuacións e intervencións que contribúan ó proceso de recuperación da súa “Área de Rehabilitación Integrada” (ARI), mediante a adquisición de terreos, ou mediante a adquisición de construcións para a súa posterior rehabilitación.*

*O Consorcio, para a execución do fin sinalado, está facultado para captar cantos recursos económicos sexan necesarios para a financiamento das actividades e plans propios do Consorcio.*

*Terceiro.- A vista dos fins e competencias de ambas institución, resulta de interese común a revitalización do Casco Vello da cidade para evitar tanto o deterioro dalgúns inmobles que son parte do patrimonio inmobiliario da cidade, coma a súa negativa incidencia na calidade ambiental do espacio habitado.*

*Unha das formas de acadar este obxectivo e a aprobación dun programa encamiñado a axudar á iniciativa privada para evitar o punto irreversible da ruína, incentivando a conservación e mellora de barrios e centros urbanos, antes que a súa demolición-reconstrución.*

*Nesta liña, o Concello de Vigo ven, dende hai anos, aprobando programas de rehabilitación de fachadas e mellora do medio urbano. Ditos programas alcanzan o Casco Vello de Vigo.*

*A necesidade do programa reforzase se se ten en conta a especial situación na que se encontra o Casco Vello, a aprobación definitiva do seu planeamento especial, así como a súa declaración como Conxunto Histórico-Artístico.*

*Así as cousas e tendo en conta que nos estatutos do Consorcio do Casco Vello de Vigo, se establece que o consorcio procurará en todo momento a coordinación das súas actuacións coa Administración municipal do Concello de Vigo e cos órganos competentes da Administración da comunidade autónoma en materia de vivenda ou cos organismos autónomos ou entes públicos dependentes ou vinculados a estas administracións, todo iso co fin de lograr a maior coherencia e eficiencia nas actuacións que leven a cabo, ámbalas administracións pretenden coordinar os seus esforzos en materia de rehabilitación a través dun programa de axudas para incentivar a seguridade e ornato de edificacións que se atopan no Casco Vello, compensando así economicamente a carga engadida que para os propietarios dos inmobles supoñen os distintos graos de catalogación e logrando a mellora da imaxe urbana e o valor desta zona histórica da cidade.*

## **E S T I P U L A C I Ó N S**

*Primeira. OBXECTO.-*

O presente convenio ten por obxecto financiar un programa de axudas para a mellora da imaxe exterior de locais comerciais e as obras de rehabilitación e tratamento de fachadas, paredes medianeiras, cubertas e elementos singulares dos inmobles de interese histórico, arquitectónico ou paisaxístico que se atopan na Área de Rehabilitación o Casco Vello de Vigo, compensando así economicamente a carga engadida que para os propietarios dos inmobles supoñen os distintos graos de catalogación e logrando a mellora da imaxe urbana e o valor desta zona histórica da cidade.

#### *Segunda. RÉXIME XURÍDICO.-*

As axudas outorgadas mediante o citado programa, a convocatoria, a tramitación do expediente de concesión, o procedemento de selección, o réxime de outorgamento, as obrigas do beneficiario e as causas da súa extinción rexeranse:

- a) Pola Lexislación básica do Estado, Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e Regulamento que a desenvolve.
- b) Pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común
- c) Pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

#### *Terceira. VIXENCIA.*

A vixencia do presente convenio, comezará o día da súa sinatura e estenderase ata o día 31 de decembro de 2010, prazo que poderá ser prorrogado mediante acordo das partes, durante a vixencia do mesmo, de existir razóns suficientes que xustifiquen a mesma.

#### *Cuarta. OBRIGAS DO CONCELLO.*

A contribución do Concello de Vigo, con cargo aos seus orzamentos, do financiamento do programa obxecto deste convenio consistirá na achega de cento trinta e cinco mil euros (135.000 €), con cargo á partida ..... do vixente orzamento xeral do Concello.

O aboamento da achega farase ao longo da vixencia do presente convenio e, en calquera caso, a medida en que sexa necesario para aboar as axudas outorgadas, previa solicitude do Consorcio e achegando a tales efectos relación certificada das axudas concedidas para as que se insta a efectividade da achega económica municipal.

O Concello de Vigo, reservase a facultade de supervisión dos proxectos e o desenvolvemento das obras.

#### *Quinta. OBRIGAS DO CONSORCIO.*

O Consorcio do Casco Vello de Vigo, actuará en calidade de ente xestor, promovendo as actuacións no ámbito considerado, determinando un procedemento de distribución dos recursos que asegure os principios de obxectividade concorrencia e publicidade, garantindo a transparencia das actuacións administrativas, xestionando e canalizando as axudas procedentes do Concello de Vigo.

A tal efecto o Consorcio tramitará e aprobará as bases e a convocatoria que rexerán o procedemento de outorgamento de subvencións para os fins expresados.

O Consorcio, antes do 10 de decembro de 2010, deberá xustificar ante o Concello de Vigo a aplicación dos fondos aportados ao programa que motiva o presente convenio, facilitando a relación de beneficiarios que foron obxecto das axudas, así como a copia das xustificacións a estes concedidas. O Concello poderá ampliar en casos xustificadas o prazo de xustificación das devanditas axudas.

A eventual anulación dunha/s axuda/s concedida e/ou xustificada da que se teña feita efectiva a achega económica municipal, dará lugar, no seu caso, ao reintegro do importe correspondente ao Concello.

#### *Sexta. PUBLICIDADE.*

A participación das entidades que asinan o presente Convenio deberá facerse constar en toda a información pública que se edite e, en particular, nos carteis exteriores descritivos das obras.

#### *Sétima. COMISIÓN DE SEGUIMENTO.*

*En orde ao seguimento das actuacións do presente convenio crease a Comisión Bilateral de Seguimento composta por un representante de cada unha das institucións asinantes, nomeados para o efecto polo Sr. Alcalde do Concello de Vigo e pola Sra. Presidenta do Consorcio do Casco Vello de Vigo.*

*Oitava. EXTINCIÓN.*

*O presente Convenio extinguirase por resolución e por conclusión ou cumprimento do mesmo.*

*Serán causas de resolución:*

- 1. O incumprimento dalgúns dos pactos contidos no presente documento.*
- 2. O mutuo acordo das partes.*
- 3. Calquera outras que, se é o caso, fosen de aplicación de acordo coa lexislación vixente.*

*O incumprimento das actuacións inversoras previstas no presente Convenio darán lugar á devolución das cantidades aportadas polas respectivas Administracións.*

*Novena. RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO.*

*Ao presente Convenio non lle será de aplicación a lexislación de Contratos do Estado, conforme ao disposto no artigo 4.c da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, coas salvidades, contidas no apartado 2 do mesmo artigo, no tocante á dos seus principios para resolve las dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.*

*Décima. XURISDICIÓN COMPETENTE.*

*As partes asinantes acordan o sometemento á xurisdición contencioso-administrativa para resolver as discrepancias que poidan xurdir en aplicación do presente convenio.*

*E en sinal de conformidade, asínase o presente convenio, en triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.*

## **22.- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 11.208,6 € A TAELO COMO CONSECUENCIA DO ALUGER DO SISTEMA DE COMUNICACIÓNS TRUNKING. EXPTE. 34290/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe proposta do xefe da Policía Local, do 3.06.2010. co conforme do concelleiro delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, e co informe do Asesor Xurídico e do Interventor Xeral do 4.06.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con CIF F-36.049.543, unha indemnización substitutiva por importe de 11.208,60 € (IVE engadido) pola prestación do servizo de radio-comunicacións para a Policía Local e o Servizo de Extinción de Incendios correspondente ao período de xaneiro e febreiro, segundo factura Nº. TR80022/10, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.*
- 2.- Recoñecer en consecuencia o dereito da citada mercantil, a percibir dita cantidade polo referido concepto con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2080000.*

## **23.- PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DE ERRO ARITMÉTICO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL SOBRE RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL EVENTUAL.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe proposta do concelleiro de

Xestión Municipal do 16.06.2010, que di o seguinte:

### **PROPOSTA RECTIFICACIÓN ERRO ARITMÉTICO ACORDO XGL 9 DE XUÑO: RETRIBUCIÓNS PERSOAL EVENTUAL**

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de xuño do ano en que andamos de aprobación de proposta desta Concellería sobre a redución das retribucións do persoal eventual.

Detectado erro aritmético nas contías correspondentes ós postos de Asesor/a Técnico/a/Xefe do Gabinete da Tenencia, Asesor/a Técnico/a de Turismo da Tenencia, Asesor/a Técnico/a de Cultura da Tenencia, ó abeiro do disposto no artigo 105 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, formulo á Xunta de Goberno Local a seguinte

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

- Rectificar o erro aritmético detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de xuño, sobre as retribucións do persoal eventual, nos postos de de Asesor/a Técnico/a/Xefe do Gabinete da Tenencia, Asesor/a Técnico/a de Turismo da Tenencia, Asesor/a Técnico/a de Cultura da Tenencia, quedando a totalidade das retribucións do seguinte xeito:

<b>POSTO</b>	<b>PORCENTAXE REDUCIÓN</b>	<b>RETRIBUCIÓNS MES DENDE 1 XUÑO</b>	<b>14 MENSUALIDADES</b>
Xefe Gabinete Alcaldía	7%	3.119,39	43.671,42 €
Secretario/a Particular Alcaldía	6%	2.148,57	30.079,94 €
Xefe/a Prensa Alcaldía	6%	2.522,34	35.312,75 €
Auxiliar	5%	1.533,82	21.473,51 €
Asesor/a	6%	2.148,57	30.079,94 €
Asesor/a Xeral Tenencia Alcaldía	9%	4.544,53	63.623,43 €
<b>Asesor/a Tco/a.-xefe/a Gabinete Tenencia</b>	<b>7%</b>	<b>3.119,39</b>	<b>43.671,42 €</b>
<b>Asesor/a Tco/a. Turismo Tenencia</b>	<b>7%</b>	<b>2.772,78</b>	<b>38.818,87 €</b>
<b>Asesor/a Tco/a. Comercio Tenencia</b>	<b>7%</b>	<b>2.772,78</b>	<b>38.818,87 €</b>
Asesor/a Tco/a. Cultura Tenencia	7%	3.119,39	43.671,42 €
Xefe/a Prensa Tenencia	6%	2.522,34	35.312,75 €
Secretario/a Tenente Alcalde	6%	2.522,34	35.312,75 €
Asesor/a Técnico/a Tenencia	6%	2.522,34	35.312,75 €

Acordo: A Xunta de Goberno Local aproba a proposta precedente.

#### **24.- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á CASA DE ANDALUCÍA DE VIGO CONSTITUÍDO POLA CELEBRACIÓN EN SAMIL DA FEIRA DE ABRIL NO MES DE MAIO. EXPTE. 78075/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe proposta xefe da área de Mobilidade, Transporte e Seguridade do 4.06.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do aval achegado en data 4.05.2010, pola Casa de Andalucía en Vigo, co NIF G: 36621290, por un importe de 1000 € para responder dos posibles danos con motivo da celebración en Samil da Feira de Abril os días 13, 14, 15, 16 e 17 de maio, por non producirse danos na vía pública.”



**25.- PROXECTO DE IMPERMEABILIZACIÓN DE TERRAZA EXTERIOR E REHABILITACIÓN DE ESTRUCTURA DE ESCALEIRAS DE ACCESO NA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO Nº 61. EXPTE. 327/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe proposta xefe da área de Servizos Xerais do 9.06.10, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o “Proxecto técnico de impermeabilización de terraza exterior e rehabilitación de estrutura de escaleiras de acceso, na Rúa Martínez Garrido, nº 61”, redactado por Tecnigal, S.L. e cun importe de 40.887,02 Euros.

2º.- Remitir o expediente á Intervención Xeral do Concello para que habiliten unha partida orzamentaria co importe indicado para facer fronte á Sentencia.

**26.- ANEXO 1 AO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “HUMANIZACIÓN ENTORNO CASABLANCA, 1ª FASE (RÚA SIMÓN BOLÍVAR, ENTRE VENEZUELA E PRAZA ELÍPTICA). EXPTE. 1524/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe proposta do xefe da OSPIO e do xefe da área de Servizos Xerais do 15.06.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o Anexo 1 ao plan de seguridade e saúde da obra HUMANIZACIÓN ENTORNO CASABLANCA, 1ª FASE (RÚA SIMÓN BOLÍVAR, ENTRE VENEZUELA E PRAZA ELÍPTICA) .

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

**27.- ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN DAS OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ. EXPTE. 1523/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe proposta do xefe da OSPIO e do xefe da área de Servizos Xerais do 15.06.10, a Xunta de Goberno local acorda:

**Aceptar** o plan de Xestión de Residuos das OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ .

**28.- ESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN E MODIFICACIÓN DE PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN**

## **DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 275/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe administrativo da Área de Servizos Xerais, do 17.06.10, co conforme do asesor xurídico de dita área e conformado pola concelleira-delegada da área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Estimar o recurso de reposición interposto pola Federación Galega da Construción con data 16 de xuño pasado, polas razóns que figuran no informe que antecede.

2º.- Modificar a cláusula 6.B das FEC incluídas no prego de condicións administrativas particulares, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 28 de maio e conseguintemente o anuncio de licitación publicado con data 3 de xuño pasado no perfil do contratante deste Concello, fixando como clasificación esixible ao contratista no procedemento para a contratación das obras de acondicionamento, mantemento e conservación das infraestruturas viarias do Concello de Vigo, a seguinte:

- Grupo G, subgrupo 6), categoría e)
- Grupo E, subgrupo 1), categoría c)

## **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artigo. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

### **29.- PROPOSTA DE ACORDO SOBRE XORNADAS DE DISPOÑIBILIDADE PARA A POLICÍA LOCAL PARA O ANO 2010. EXPTE. 34267/212.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de RR.HH e do técnico de Organización e Planificación de RR.HH, do 19.05.2010, co conforme do concelleiro da área de Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención, do 16.06.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o programa de dispoñibilidade para a Policía local de Vigo que a continuación se transcribe:

### **PROPOSTA DE ACORDO SOBRE XORNADAS DE DISPOÑIBILIDADE PARA A POLICÍA LOCAL PARA O ANO 2010.**

**PRIMEIRA.-** *Obxecto, ámbito de aplicación e período de vixencia.*

O presente acordo ten por obxecto autoriza-la realización por parte do persoal de cadro da Policía Local, dun total de 2 xornadas, respecto das legalmente previstas, cunha duración cada unha delas de oito (8) horas.

Corresponde ao Xefe da Policía Local, en función das necesidades do servizo, distribuír las xornadas de reforzos entre o persoal adscrito ao programa.

Ditas xornadas realizaranse dende a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local e ata o 31 de decembro de 2009.

O custo total do programa non poderá exceder, en ningún caso, de 116.230,65 €

### **SEGUNDA.-** *Voluntariedade.*

A realización das xornadas adicionais ten carácter voluntario.

Unha vez adscritos ó programa, os interesados veñen obrigados ao seu exacto cumprimento nos termos previstos no presente acordo.

Dado o carácter voluntario de participación no programa de reforzos deberase realizar a adscrición ao mesmo de forma expresa por escrito, no que se declare o coñecemento das condicións nas que se deberá realizar aquel.

A tal efecto, a Xefatura da Policía Local habilitará un prazo de quince días naturais, a contar dende o seguinte á sinatura do presente documento, para que os interesados poidan manifestar o seu interese en adscribirse ao programa, con carácter previo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

O listado do persoal adscrito e as adhesións individuais ao mesmo, será remitido ao Servizo de Recursos Humanos e deberá figurar inescusablemente nome e apelidos, grao, número de persoal e sección á que esta adscrito o interesado.

Unha vez rematado o prazo non poderá adherirse ao programa ningún funcionario.

### **TERCEIRA.-** *Retribucións.*

As xornadas de reforzo serán retribuídas en concepto de produtividade.

O importe de cada xornada será, segundo as categorías profesionais, o seguinte:

<i>POLICÍA</i>	208,62 €
OFICIAL	222,16 €
INSPECTOR	249,75 €
INSPECTOR PRINCIPAL	256,77 €

O Servizo da Policía Local **deberá remitir mensualmente o listado do persoal que realiza as xornadas indicando nº de persoal, nome e apelidos, sección na que se atopan adscritos, nº de xornadas realizadas e data de realización das mesmas, así como os cuadrantes mensuais do servizo, ao obxecto do correspondente control.** Dado que o aboamento das cantidades a percibir aboarase con cargo ao concepto retributivo de “produtividade”, retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario/a desempeña o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén aos resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondentes programas, **deberá remitirse a este Servizo informe xustificativo do grao de execución e cumprimento dos obxectivos do programa de reforzo.**

No caso de que a prestación das xa mencionadas xornadas de reforzo **non se realice no posto de traballo habitual**, o Superintendente Xefe da Policía Local deberá facer constar no seu informe mensual as circunstancias que deron lugar a elo.

**CUARTA.-** *Imposibilidade de continuar prestando a xornada de reforzo.*

No caso de que durante a prestación dalgunha das xornadas extraordinarias, o funcionario/a sufra algunha continxencia no seu estado de saúde que lle impida a continuación da prestación do servizo, deberá presentar xustificación oficial mediante o documento P-10 ou parte de ILT.

Neste casos, o interesado poderá recuperar o tempo restante ata a conclusión da xornada de reforzo no momento en que se lle indique pola Xefatura do Servizo, sen prexuízo do seu dereito a percibir a cantidade correspondente a parte da xornada efectivamente realizada.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, se a causa da incapacidade é por accidente de traballo ou enfermidade profesional, someterase a Comisión de Seguimento a forma de proceder en canto á necesidade de recuperar a parte da xornada non realizada.

**QUINTA.-** *Límites*

As xornadas de reforzo non poderán realizarse en ningún caso durante o período de vacacións do interesado/a.

Os/as interesados/as, previa comunicación e conformidade da Xefatura, poderán intercambiar os seus días de dispoñibilidade por interese particular, sempre que se trate de funcionarios/as da mesma categoría y sección.

**SEXTA.-** *Exceso na duración das xornadas extraordinarias e outras circunstancias*

No caso excepcional de que a xornada exceda das oito horas, a diferenza aboarase segundo os seguintes parámetros:

Grado	Prezo/hora
Policías	26,08
Oficiais	27,78
Inspectores	31,29
Inspectores Ppales.	32,40

**SÉTIMA.-** *Exclusividade retributiva*

As xornadas extraordinarias non devengarán concepto retributivo algún distinto dos expresados no presente acordo.

En todo caso, respectaranse as gratificacións previstas no art. 16 B, subapartado a) do vixente Acordo Regulador (24 e 31 de decembro).

No caso excepcional de que o persoal adscrito as quendas de mañá ou tarde se lle sexa asignado una xornada de dispoñibilidade na quenda de noite, devengará o recargo en concepto de nocturnidade. Dita excepcionalidade deberá ser xustificada pola Xefatura do Servizo.

**OITAVA.-** *Permisos oficiais e xornadas de reforzo.*

No caso de coincidir no día sinalado para a realización dunha xornada de reforzo, un permiso oficial do interesado/a segundo a normativa vixente, este terá que recuperar a xornada no momento e na forma acordada pola Xefatura do Servizo.

**NOVENA.-** *Circunstancias de execución.*

Corresponde exclusivamente ao Xefe da Policía Local organizar a prestación das xornadas extraordinarias, en función das necesidades de servizo. Os servizos de reforzo comunicaranse, de ser posible, cunha antelación mínima de catro (4) días, salvo circunstancias excepcionais ou de forza maior.

Ditas xornadas realizaranse con carácter xeral en servizos na rúa, e inescusablemente nas datas fixadas pola Xefatura en aplicación das cláusulas do presente acordo, salvo causa de forza maior.

Nos casos excepcionais en que a prestación das xornadas de reforzo non se realicen en servizos na rúa, o Superintendente da Policía Local deberá facer constar no seu informe as circunstancias que deron lugar a elo.

Así mesmo deberíase establecer a imposibilidade de realización por cada un dos adheridos ao programa de mais dunha xornada de reforzo ao mes **de xeito xeral**, sendo necesaria a xustificación por parte da Xefatura cando sexa necesaria a asignación de mais dunha xornada no mesmo mes a algún dos participantes no programa.

**DÉCIMA.-** *Participación do Persoal.*

Co fin de garantir o correcto cumprimento por ambas as partes das cláusulas do presente acordo e as súas vicisitudes, constitúese unha Comisión integrada polo Presidente do Comité de Persoal e un representante de cada sindicato no Comité de Empresa; o concelleiro-delegado de Seguridade, Mobilidade e Transportes, o concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, o Xefe do Corpo e un funcionario/a, técnico/a de administración xeral, que fará as veces de secretario. En cada reunión levantarase acta con contido dos asuntos tratados e, no seu caso, dos acordos acadados.

**DECIMO-PRIMEIRA.-** *Memoria do programa*

Na primeira semana do mes de decembro, o Xefe da Policía Local remitirá a Xunta de Goberno local memoria detallada e explicativa do grado de execución e cumprimento dos obxectivos previstos no programa de reforzos que se aproba.

2º.- Autorizar o gasto de **116.230,65 €€** con cargo a partida orzamentaria 922.0150.00.00-PRODUTIVIDADE, destinado ao aboamento da realización do presente programa de dispoñibilidade do Servizo da Policía Local.

3º.- A Xunta de Goberno Local poderá autorizar a ampliación da realización de xornadas de dispoñibilidade ata un máximo de 9, dentro do período de vixencia do programa previa acreditación da súa necesidade..

**30.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE DATA 18.06.2010, DA CONCELLEIRA DE EDUCACIÓN SOBRE RECLAMACIÓNS E LISTAS DEFINITIVAS DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E LISTAS DE AGARDA PARA AS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2010/2011. EXPTE. 11821/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do decreto da concelleira de Educación do 18.06.2010 que di o seguinte:

“Vista a proposta contida no informe do técnico do Servizo de Educación de data 17 de xuño de 2010, sobre reclamacións e lista definitivas de adxudicación de prazas e listas de agarda para as Escolas Infantís Municipais para o curso 2010/2011 (expte. N° 11821/332)

RESOLVO:

1.- Estimar parcialmente, polas razóns expostas no informe do técnico do Servizo de Educación de data 17/06/2009, a reclamación presentada por Margarita Pazos Caparrós (N° rex. 100075467) no relativo a persoa a cargo da unidade familiar e proceder á revisión da baremación no apartado de membros da unidade familiar. En consecuencia, establecer unha puntuación final de 22 puntos na EIM Atalaia de Teis e 20 puntos na EIM Santa Marta de Casco Vello.

2.- Estimar, polas razóns expostas no informe do técnico do Servizo de Educación de data 17/06/2009, e incorporar aos respectivos expedientes a documentación aportada polas/os seguintes recorrentes: Montserrat Pereira Fernández (N° rex. 100075728), incluíndoa, unha vez baremada, no listado definitivo da EIM Santa Marta de Casco Vello cunha puntuación de 18 puntos. Nerea Fernández Santos (N° rex. 100076356), incluíndoa, unha vez baremada, no listado definitivo da EIM Santa Cristina de Lavadores cunha puntuación de 15 puntos e na EIM Atalaia de Teis cunha puntuación de 13 puntos. Fernando Lago Fernández (N° rex. 100077524), incluíndoo, unha vez baremado, no listado definitivo da EIM Santa Marta de Casco Vello cunha puntuación de 15 puntos. María Eugenia Cruz Lorenzo (N° rex. 100078423) a revisión da baremación no apartado de ingresos económicos pasando a obter unha puntuación total de 12 puntos. Sandra Gómez Sellies (N° rex. 100078491), incluíndoa no listado definitivo da EIM Costeira de Saiáns cunha puntuación de 21 puntos. Marielly Christiny Dos Santos (N° rex. 100078895), incluíndoa, unha vez baremada no listado definitivo da EIM Atalaia de Teis cunha puntuación de 18 puntos. Carmen Fernández Hurtado (N° rex. 100080737) incluíndoa, unha vez baremada no listado definitivo da EIM Santa Marta de Casco Vello cunha puntuación de 20 puntos.

3.- Desestimar, polas razóns expostas no informe do técnico do Servizo de Educación de data 17/06/2009, as reclamacións de ampliación de horario presentadas por Natalia González Monteiro, Begoña Filgueira Castro, María José Lago Lago, Silvia Fernández Alonso, Rita Rubín Nogueira, Cristina García Fernández, Amaia Mauleón Serrano e Cristina Campos Martínez.

4.- Aprobar definitivamente as listas de adxudicación de prazas e lista de agarda nas Escolas Infantís Municipais para o curso 2010-2011, que se inclúen no expediente.

5.- Ordenar a publicación das listas citadas nos taboleiros de anuncios das Escolas Infantís Municipais e na páxina web municipal.

6.- Indicar aos interesados/as que a resolución que se lle notifica pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 109.c) da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común 30/1992, de 26 de novembro. Contra este acto administrativo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992. Asemade, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo segundo o previsto nos artigos 1, 8, 25.1, 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, 116 e concordantes da Lei 30/1992, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente notificación; sen prexuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.”

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**29.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon rogos nin preguntas.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e oito minutos. Como secretaria dou fe.  
me/kv.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.